

Programa Foros de Economía

- Dentro das xornadas de desenvolvemento que organiza Euroeume os días 22 e 23 de outubro do 2004 ,terán lugar os foros de economía o día 22 pola maña

O programa empezará as 9,30 coa presentación dos foros e a constitución das mesas

De 10,30 a 12 h desenvolveranse as mesas de :

- Medio natural
- Agricultura - gandería - silvicultura
- Ocio- Turismo
- Servicios as persoas (terceira idade, infancia)
- Construcción e infraestructuras

ÁS 12 faremos un descanso con cátering

Ás 12,30 Expoñeranse as conclusións das diferentes mesas

Remataremos con tempo para que os alumnos poidan estar nos Institutos antes ds 2,10

Metodoloxía

- Os alumnos/as apuntaranse nas diferentes mesas según o seu interese, pero procurando que exista un equilibrio de participantes, por tanto poñeremos un número máximo por mesa
- Poderán participar nos foros calquera persoa participante nas xornadas seguindo o mesmo criterio de equilibrar os grupos que seguimos cos alumnos/as
- En cada mesa existirá un moderador/a que encargarse de dar a palabra aos participantes e tomar nota de novas propostas dos participantes
- O traballo mínimo de cada mesa será clasificar as propostas segundo o seu grado de interese para futuras intervencións de Euroeume, doutros axentes socio-económicos, ou das administracións públicas

Programa Foros de Economía

Os criterios para clasificalas poderán ser:

- A viabilidade económica da proposta
 - A posibilidade de xerar postos de traballo
 - Os beneficios para a comunidade
-
- O traballo pode ir mais alá facendo novas propostas ou profundizando en algunha das existentes que a mesa considere especialmente interesante
 - En calquera caso xunto con cada proposta establecerase se a iniciativa para desenvolvela debe de ser pública ou privada , así como si a mesa
-
- Ao finalizar o traballo o grupo nomeará un portavoz para presentar ante a Asemblea as conclusión e propostas do grupo (sería bo que o portavoz final fose unha alumna/o do Instituto
 - Poderán participar nas mesas calquera persoa participante nas xornadas seguindo o mesmo criterio de equilibrar os grupos que seguimos cos alumnos/as

Propostas presentadas as xornadas de desenvolvemento Euroeume

Medio natural

Propostas:

- Realizar campañas divulgativas para a conservación e protección do medio
- Concienciación social sobre a limpeza do medio ambiente
- Facer programas lúdicos nas escolas para potencia-la reciclaxe de residuos tanto domésticos como industriais

Programa Foros de Economía

- Mellora-lo nivel de limpeza en xeral (cauces e fondos de rios, montes, sendas ...)
- Creación de voluntariado para a limpeza e mantemento de montes e zonas naturais
- Incrementa-la vixilancia

- Realizar actividades para o coñecemento e valoración do medio natural do noso entorno
- Realizar un maior control sobre as emisións contaminantes das empresas
- Control de vertidos

- Repoboación e recuperación de especies arbóreas autóctonas

- Repoboación da fauna con especies autóctonas

- Frear a urbanización nos espacios naturais

- Premiar e divulgar as boas experiencias de conservación do espacio natural
- Compatibilizar recursos de ocio, co mantemento do medio e a calidade da auga

Turismo

Propostas:

- Creación de novas casas rurais e potenciación de actividades complementarias e mellora do entorno natural
- Creación de casas rurais agropecuarias
- Publicitar unha vez acondicionadas as zonas de interese turístico
- Habilitar e acondicionar rutas de sendeirismo por todo o territorio
- Creación de novos cámpings municipais e mellora dos existentes

Programa Foros de Economía

- Creación de novas infraestructuras turísticas (por exemplo tipo aguapark)
- Mellorar e rehabilitar os locais e servicios hoteleiros (Creación dun hotel nas Pontes)
- Programar visitas para a Central Térmica e Polígono Industrial de Somozas
- Construcción dun museo mineiro con parellos usados na mina, maquinaria,minerais e charlas dadas por antigos empregados
- Cunha tenda dedicada aos produtos da Comarca (Cogumelos, mel, grelos mantecados...)
- Fomenta-lo traballo arqueolóxico , e o turismo arqueolóxico
- Creación de mais oficinas de turismo
- Potencialo turismo itinerante ,con acondicionamento de camiños, albergues e campamentos xuvenís
- Restauración de muíños con parques e zonas de lecer
- Restaurar pazos e construcións de interese permitindo a entrada gratuita

Ocio

Propostas:

- Programar actividades nas áreas recreativas (Caneiro, Queiroga ...)
- Potencia-las festas (Gastronómicas, Fraga, Culturais ...)
- Potencia-los festivais de Rock, folk
- Organizar talleres de artesanía tradicional (recuperación)
- Contratación de socorristas para pantanos e outras zonas perigosas

Programa Foros de Economía

- Proxectar mais praias fluviais
- Promover excursións e rutas de sendeirismo
- Construcción dun observatorio astronómico
- Programar campamentos de fin de sema para moz@s
- Subvencións para actividades deportivas
- Creación dunha zona de ocio nocturno alongada do casco urbano para concertos
- Creación dun espacio de ocio adicado a teatro, deportes, xogos colectivos ... (propostas de "centro de ocio" e de espacio ao aire libre con carpas etc)
- Construcción dun auditorio

Agricultura – gandería – silvicultura

Propostas:

- Sector en decadencia pola elevada idade dos produtores
- Potenciala gandería e agricultura ecolóxica.
- Mais subvencións para os gandeiros e agricultores ecolóxicos
- Potenciar as explotacións familiares tradicionais de hortaliza e vexetais
- Fomentar a creación de novas empresas de transformación ou mantemento das existentes a través de políticas de desenvolvemento integral
- Reestructura-los terreos para evita-lo minifundismo e facer viables as explotacións (Proceso controlado pola Xunta. Lei do solo)
- Evita-los abusos das distribuidoras na fixación de prezos
- Controla-la contaminación agro-industrial
- Apoiar a creación e mantemento das explotacións mancomunadas e das cooperativas
- Potenciar novas experiencias coma a crianza de caracois
- Silvicultura . Repoboación e recuperación de especies arbóreas autóctonas
- Mellora-lo nivel de limpeza montes, sendas
- Aumentala vixilancia e prevención de incendios

Programa Foros de Economía

- Unir as pequenas parcelas mediante cooperativas para negociar cos madeiristas

Construcción e infraestructuras

Propostas:

- Modificación da lei do solo
- Diminución do prezo da terra e da vivenda
- Restaurar e reparar casas velas para mellora-la calidade de vida da poboación (con axudas e subvencións á xente nova)
- Construcción de mais vivendas de protección oficial
- Axudas para reformar as casas dos mais desfavorecidos
- Remodelación das antigas escolas, e outros locais abandonados para facer locais de recreo
- Construcción dun canle de augas bravas
- Construcción de residencias de anciáns con fondos públicos
- Construcción de garderías e locais escolares con fondos públicos
- Recuperación de lugares despoboados
- Restauración de vivendas antigas para aluguer
- Rehabilitación do casco vello das Pontes
- Mellora da rede eléctrica na zona rural
- Construcción das infraestructuras necesarias para atraer turismo a todo o territorio
- Mellora das comunicacións viarias e informáticas

Programa Foros de Economía

Servicios as persoas (terceira idade, infancia)

Propostas:

- Centro para persoas que viven soas ou sen recursos económicos
- Servicio de atención a domicilio en todo o territorio
- Facilitar a mobilidade das persoas con discapacidades mediante un transporte adaptado e eliminación de barreiras arquitectónicas
- Mellora do transporte público na zona rural
- Creación dunha rede de transporte diario que comunique a zona rural co núcleo urbano mais próximo
- Aluguer ou compra dun autobús para transporte de anciáns conducido por persoal voluntario rotatorio
- Servicios de urxencias descentralizados e próximos aos cidadáns
- Locais sociais para a xuventude
- Locais sociais par os mais maiores
- Aproveitamento da casa de cultura e outros locais con pouco uso
- Fomento do voluntariado novo para acompañar á xente maior
- Programación de actividades lúdicas para anciáns
- Creación de asociacións de pais que colaboren no coidado dos nenos
- Creación dun grupo de voluntarios en cada parroquia dispostos a coidar nenos e facer compañía a persoas maiores
- Organización de espectáculos para maiores (teatro, verbenas...). Os ingresos servirían para financiar excursións

Programa Foros de Economía